

## LECTURAS DE TEXTOS E POEMAS

Os oito actos celebrados onte polo Día de Rosalía pecháronse coa lectura de varias poesías da autora

OITO LOCALIDADES GALEGAS CELEBRAN O DÍA DE ROSALÍA

# A AELG acusa a Xunta de “destruír” a cultura do país

A Asociación de Escritores esixe un Panteón público e a celebración nos colexios do aniversario da poeta

A. R.

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

“Denunciamos a regresión na política de investimentos en todos os sectores da cultura por parte da Xunta, que está a destruír o construído nos últimos trinta anos por varias xeracións de creadores e creadoras e por toda a sociedade galega no seu conxunto”. Esta foi unha das mensaxes reivindicativas que se puideron escoitar onte durante os actos cívicos simultáneos en oito localidades galegas, cos que a Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou o Día de Rosalía de Castro.

O presidente desta asociación, o poeta Cesáreo Sánchez, foi o encar-

gado de ler o manifesto no Panteón de Galegos Ilustres, lugar onde reposan os restos de Rosalía e punto central das celebracións rosalianas. Unhas cincuenta persoas respondieron en Santiago á convocatoria da AELG para celebrar o aniversario da autora de *Cantares Gallegos*. Todos os reunidos en Bonaval aplaudiron a denuncia realizada no manifesto ao respecto da situación cultural de Galicia. “Estase a destruír programática e estruturalmente o xa creado –e ainda mínimo– tecido industrial na cultura galega, desaparecendo de facto a promoción da cultura de base”, sentenció Cesáreo Sánchez ao ler o manifesto.

#### EN CONTRA DO DECRETO

A AELG lembrou a súa posición contraria ao trato que se lle está a dispensar á fala na educación. “Reafirmámonos contra o novo status do galego no ensino”, leu Cesáreo Sánchez. Ao respecto do ensino, o manifesto da AELG vai máis aló e propón institucionalizar o Día de



O acto de Santiago rematou cunha ofrenda floral

Ó. DACOSTA

Rosalía nas escolas. “Demandamos que a Consellería de Educación, recolla no calendario escolar oficial anual a data do 24 de febreiro como o Día de Rosalía, co obxectivo de recuperaren os centros educativos a práctica docente regular e a organización de actividades sobre a vida e a obra da nosa escritora”, explicábase no manifesto. Esta iniciativa, ademais, conta co apoio da CIG Ensino.

Ademais, o manifesto reiterou a necesidade de contar cun Panteón público. “O Panteón de Galegos ilustres ten a lexitimidade da historia e reafirmámos como irrenunciábel que sexa de titularidade pública e laica”, sinalábase no manifesto.

Estas reivindicacións escoitáronse en Santiago, pero tamén nos actos que onte se celebraron na Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense, Ferrol ou Betanzos. ■